

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN  
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 6 DE OUTUBRO DE 2014.**

**Presidente:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓNS DA ACTA NÚM. 40 E NÚM. 41 DE DATAS 25 DE  
SETEMBRO DE 2014 E 29 DE SETEMBRO DE 2014.**

Acordouse aprobar actas núms. 40/2014 e 41/2014 correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 25 de setembro de 2014 e 29 de setembro de 2014 e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para a realización de obras de conservación e restauración de cuberta e colocación de pilastras en balconada, no lugar de Galegos, nº 2, parroquia de Galegos, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**2.2.-** Acordouse conceder **PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA** para a



Secretaría Xeral

ampliación e melloras tecnolóxicas en industria cárnica no Polígono Industrial de Botos, nº 13, de Lalín.

**2.3.-** Acordouse conceder **PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA** para ampliación de cebadeiro de porcino, sita nunha parcela denominada “Monte da Zarra Nova”, no lugar de Vilariño, parroquia de Santiso, de Lalín.

**2.4.-** Acordouse **MODIFICAR A LICENZA DE OBRA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, EN SESIÓN DE 29/10/2012**, para a rehabilitación e ampliación dun edificio situado na rúa Principal, 10 de Lalín.

### **3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**3.1.-** Acordouse **MODIFICAR A LICENZA DE SEGREGACIÓN CONCEDIDA** na sesión de 07/07/2014, para efectuar unha segregación en Avenida de Buenos Aires, Lalín.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**


**4.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA** para a colocación de dous pasamáns nas escaleiras das Galerías Pelayo, 10, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal o día 02/10/14 en concepto de ICIO.

### **5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**5.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA**, con efectos dende o 12 de agosto de 2014, para o exercicio da actividade consistente en cafetería – pastelería na Praza da Vila, nº 5, baixo, de Lalín.

**5.2.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA**, con efectos dende o 15 de setembro de 2014, para o exercicio da actividade consistente en carnicería na rúa D, nº 8, baixo, de Lalín.

### **6.- OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA.**



Secretaría Xeral

**6.1.-** Acordouse autorizar a **OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE A INSTALACIÓN DUN VALADO** na rúa Joaquín Loriga 11.

## **7.- INFORMES PREVIOS.**

**7.1.-** Acordouse aprobar o informe Técnico relativo á instalación de valorización de residuos orgánicos no lugar de Monte Saldoiro (Castro) de Lalín, e remitir o mesmo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

**7.2.-** Acordouse solicitar informe de impacto ambiental para planta de almacenamento, clasificación e valoración de residuos de construción e demolición, sita nunhas parcelas denominadas “Prado do Regos-Prado da Cancela” no lugar de Espiño, parroquia de Filgueira, Lalín, ao Arquitecto Asesor Urbanístico Municipal.

## **8.- PROCEDEMENTOS DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.**

**8.1.- RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE - “TRANSPORTES GRUMAVI, S.L.” (expediente n. 14/01/U).**

Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto contra a orde de cesación inmediata das actividades e, consecuentemente, manter a medida cautelar consisten na orde de cese das actividades, estimar a alegación presentada ao expediente de reposición da legalidade, consistente en que os usos obxecto deste procedemento poderían ser legalizables ou susceptibles de autorización provisional e, consecuentemente, requirir para que, no prazo de tres meses, soliciten a oportuna licenza ou presente comunicación previa, desestimar o resto das alegacións presentadas ao expediente de reposición da legalidade, e notificar o acordo ao interesado e á Policía Local.

**8.2.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE RESPECTO DO LOCAL DENOMINADO “BARRIGA VERDE” (expediente n. 14/03/U).**

Acordouse ordenar a cesación definitiva da actividade e notificar o acordo a cantos interesados aparezan no expediente e á Policía Local.

## **9.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**



**9.1.-** Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN (CSE112014) LOTE 1: MANTEMENTO DO CASCO URBANO**” a D. MANUEL PÉREZ PAZ, por un importe máximo de 14.500,00 euros (IVE incluído), prazo de execución de seis (6) meses, prorrogables por outros seis (6) meses máis coas porcentaxes de descontos sobre os prezos unitarios e de prezos máximos de hora de man de obra e de camión-grúa, ofertados pola empresa na súa proposición económica, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

Así mesmo, acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN (CSE112014) LOTE 2: MANTEMENTO POR RUTAS NO RURAL E NOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS**” a ELECTRICIDAD FEMÁN, S.L., por un importe máximo de 20.300 euros (IVE incluído), prazo de execución de seis (6) meses, prorrogables por outros seis (6) meses máis coas porcentaxes de desconto sobre os prezos unitarios e de prezos máximos de hora de man de obra e de camión-grúa, ofertados pola empresa na súa proposición económica por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación.

**9.2.-** Acordouse nomear Director de Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde e aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra, redactados pola empresa Construcciones Taboada y Ramos S.L. informados favorablemente e conformados polo Coordinador de Seguridade e Saúde e o Director de Obra, respectivamente do expediente de contratación denominado “**PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN SANTISO, ERBO, LEBOZÁN E OUTROS (PUSIM/2014) (CO052014)**”.

## **10.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**10.1.-** Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 2 correspondente ao mes de setembro de 2014, da obra “**MELLORAS EN SISTEMAS DE DEPURACIÓN EN ZONA RURAL E ACONDICIONAMENTO RIO PONTIÑAS (CO032014)**”, presentada pola entidade Construcciones RAFTER, S.L, redactada polo Director da Obra, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 50.822,48 €.



## **11.- FACTURAS E CONTAS.**

**11.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **66.367,80 euros**.

## **12.- DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS.**

**12.1.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación dos avais depositados no ano 2008 e 2011 pola empresa **Xuncoga Sociedade Cooperativa Galega** na Tesourería Municipal polos importes de 1.290,00 € e 847,46 €, como garantía para responder do contrato de “*Servizo de Substitución dos gandeiros*”.

**12.2.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación dos avais depositados pola empresa **Leaseplan Servicios S.A**, na Tesourería Municipal, polos importes de 3.679,32 € e 960,00 €, como garantía para responder do contrato de “*Alugamento ou renting de vehículo de Alcaldía e Servizos Sociais*”.


**12.3.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación dos avais depositados pola empresa **Leaseplan Servicios S.A**, na Tesourería Municipal polos importes de 1.221,12 € e 976,58 €, como garantía para responder do contrato de “*Alugamento ou renting de vehículo de Servizos Sociais e Protección Civil*”.

**12.4.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación do aval depositado pola empresa Promolalín, S.L, na Tesourería Municipal polo importe de 8.194,46 € como garantía para responder da obra “*Urbanización Bocacalle á rúa Corredoira, núm. 52-54*”.

**12.5.-** Acordouse proceder á devolución e cancelación da fianza depositada por D. Luís Rodríguez González, na Tesourería Municipal polo importe de 1.848,00 € como garantía para responder dos “*Posibles danos xerados polo pintado de fachada lateral dereita dunha edificación sita na rúa C, 21*”.

## **13.- CONVENIO ADMINISTRATIVO.**

Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Fundación Gas Natural Fenosa para a realización da exposición itinerante *Museo del Gas. Energía e facultar* ao Sr. Alcalde ou ao Concelleiro Delegado de Turismo para a sinatura de



#### **14.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**14.1.-** Acordouse estimar a reclamación relativa á renuncia á eficacia da comunicación previa relativa ás obras de peche de parcela no lugar de Gondoriz Grande da Parroquia de Vilatuxe, e proceder á devolución de 90 €, abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**14.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.949,40 € (IVE incluído) con destino ó subministro e colocación de equipos de son para o Lalín Arena e contratar coa empresa **TE-SE DEZA, S.L.** a adquisición do citado subministro por dito importe segundo as características reflectidas no orzamento emitido, con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministros.

**14.3.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.495,28 €, IVE incluído, para as reparacións necesarias na cuberta do novo edificio do Auditorio tendentes a evitar a entrada de auga, como a reposición de chapas en mal estado, limpeza, revisión e reparación dos canalóns e revisión das pendentes desaugue e contratar coa empresa **Carpintería Metálica Varela, S.L.** o contrato de obra correspondente por dito importe, con suxeición ao réxime dos contratos menores de obra.

**14.4.-** Acordouse autorizar a transmisión da licenza de taxi número 14.

**14.5.-** Acordouse aprobar as bases do XI Concurso de Cartas “Dillo a quen maltrata” 2014 e autorizar o gasto por importe de 260 € dos premios, aprobar as bases do III Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2014 e autorizar o gasto por importe de 139 € do premio, e aprobar e autorizar o gasto por importe de 300 € para os materiais funxibles necesarios para a realización das actividades do IIIº “▼iol▲rtΣ“(▲rte▲cción para previr a ▼iolenci▲ de xénero) 2014.

**14.6.-** Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade que será aboada directamente á empresa Repsol Butano S.A. , por importe de 91,34 €.

**14.7.-** Acordouse autorizar a varios técnicos municipais para a obtención do certificado dixital necesario na Axencia Tributaria.



Secretaría Xeral

**14.8.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos incluídos no obxecto da subvención destinada ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación por importe de 17.470,75 €, e declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra axuda ou subvención dun organismo público nin privado co memo obxecto que o mencionado nesa orde.

**14.9.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de ingresos e gastos relativa ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, por importe de 19.975,05 € e remitir a mesma á Consellería do Medio Rural e do Mar, para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**14.10.-** Acordouse aprobar a liquidación provisional correspondente ao 1º semestre do ano 2014 do Canon do Parque Eólico Singular de Lalín por importe de 18.031,17 € a que ascende o 15% da facturación bruta da empresa concesionaria Energías de Pontevedra S.L. correspondente ao período referido (120.207,77 €).

**14.11.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín, no período comprendido entre o 14/02/2014 e o 30/09/2014, por importe de 15.294,98 euros segundo o Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local e remitir a mesma á FEGAMP para a oportuna xustificación da axuda concedida.

**14.12.-** Acordouse aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal do imposto sobre construcións, instalacións e obras para mellora da accesibilidade, instalación e sistemas de información na Estación de Autobuses de Lalín á empresa Construcciones Orega, S.L.

**14.13.-** Acordouse aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal da taxa licenza de primeira ocupación do Local do ORAL á Deputación Provincial de Pontevedra.

**14.14.-** Acordouse anular a liquidación aprobada por acordo da Xunta de Goberno na





Secretaría Xeral

sesión do 12 de maio de 2014, en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) relativa á construción de soliera de formigón sita na parcela denominada “Cousiño” na parcela 30, polígono 1, no lugar de Toimil (parroquia de Galegos), por non terse devengado o imposto, xa que a obra non se realizou segundo consta no expediente, e deixar sen efecto a eficacia da comunicación previa acordada no seu día.

**14.15.-** Acordouse aceptar a renuncia presentada pola traballadora D<sup>a</sup>. Iria Campos Trabazo ao posto de técnica instrutora de actividades deportivas do CDM Lalín-Arena, con efectos dende o día 03/10/2014, e dada a urxencia para a correcta prestación do servizo, aprobar as bases de selección dun técnico instrutor de fitness, monitor de natación e socorrista para o Complexo Deportivo Multiusos Lalín Arena.

### **15.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**15.1.-** Acordouse corrixir os erros materiais apreciados no informe técnico de data 29/07/2014, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 01 de setembro de 2014 (punto 5.1 da acta – declaración de fóra de ordenación).


### **16.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**16.1.-** Deuse conta da **baixa na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**, do vado permanente ubicado na Avda. Buenos Aires, nº 34 (Lalín), nº de placa 159.

**16.2.-** Acordouse denegar unha solicitude de tarxeta de acceso a residentes á rúa Colón por non estar o vehículo a nome do solicitante.

**16.3.-** Acordouse autorizar a pernoctación no Pavillón Municipal dun grupo de 55 persoas con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela para a noite do 10 ao 11 de outubro de 2014.

**16.4.-** Acordouse autorizar a consulta dunha documentación do inventario municipal e denegar a expedición de copias por non ter xustificadas os motivos polo que solicita a dita copia.






**16.5.- Acordouse autorizar a recadación de fondos polas rúas de Lalín a favor de Cruz Vermella en Lalín, no contexto do denominado “Día de la banderita”, o día 8 de outubro de 2014.**


**16.6.- Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se resolve entregar ao Concello de Lalín o investimento realizado ao abeiro do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra (PID/12) denominado “Mellora da rede viaria en A Veiga, Muimenta, Maceira e Castro”.**

**16.7.- Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se resolve entregar ao Concello de Lalín o investimento realizado ao abeiro do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra (PID/12) denominado “Reposición do pavimento da pista do pavillón deportivo de Prado”.**

**16.8.- Dáse conta do escrito remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que se resolve entregar ao Concello de Lalín o investimento realizado ao abeiro do Plan de Investimentos e Gastos Correntes da Deputación de Pontevedra (PID/12) denominado “Rede de sumidoiros en Lebozán e Prado”.**

=====





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O